

ANUNCIO

BASES ESPECÍFICAS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO PEÓN-PEOA

Por Resolución de Alcaldía número 362/2024 de data 11 de xullo de 2024 acordouse aprobar a convocatoria e a aprobación das Bases específicas para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos interinos como Peón/Peoa.

BASES ESPECÍFICAS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO PEÓN-PEOA

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da convocatoria é a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos interinos nos postos de traballo de peón do Concello.

2.- DURACIÓN DOS CONTRATOS.

Segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do concello ou de conformidade coa regulación das subvencións que o poidan financiar.

3.- SISTEMA DE PROVISIÓN.

Concurso-Oposición.

4.- XORNADA LABORAL.

37 horas e 30 minutos semanais de luns a domingo cos descansos establecidos por lei de ser o contrato a xornada completa, ou a parte proporcional que se estableza en cada caso.

5.- RETRIBUCIÓNS.

Segundo as táboas salariais do concello de Cedeira para cada exercizo económico na categoría de “peóns, limpadoras (...) e outros non titulados”.

6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes para participar nas probas, deberán reuni-los seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ser de nacionalidade española, nacional dun Estado membro da Unión Europea, cónxuxe dun español ou dun nacional dun Estado membro da Unión Europea non separado de dereito, ou extranxeiro con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade.
- c) Acreditar o coñecemento de lingua galega.
- d) Non ter enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. As persoas con algunha

discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación das probas.

A condición de minusválido e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

e) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo á Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea ou dos daquelas que teñan subscritos Tratados referentes á libre circulación coa Unión Europea ratificados por España, deberán acreditar de modo fidedigno non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impidan no seu Estado o acceso á función pública.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, para cada unha das prazas, deberán reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a toma de posesión, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

7.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

A presentación de solicitudes poderá facerse segundo o sinalado no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas durante o prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, contados desde o seguinte da publicación de anuncio da convocatoria no BOP.

As solicitudes presentaranse en modelo de instancia (ANEXO II) que se adxunta e irán acompañadas obrigatoriamente da documentación seguinte:

Copia do D.N.I.

Xustificante de pago da taxa de 5 €, según o disposto na Ordenanza municipal 2.6, reguladora da taxa pola participación en procesos selectivos, no artigo 5.1.

Finalizado o prazo de presentación de instancias por Resolución de Alcaldía se aprobará a lista provisional das persoas admitidas e excluídas, que será publicada no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal.

Concederase un prazo de TRES (3) DÍAS HÁBILES para reclamacións, si as houbera, e /ou para a emenda dos defectos de documentación, ben entendido que non se considerará deficiencia ou erro a falla de presentación de documentación xustificativa do currículo ou méritos alegados nin se aceptará documentación algunha para completar dito currículo.

Transcorrido o prazo de reclamacións, ditarase nova Resolución estimándoas ou desestimándoas, con publicación da lista definitiva das persoas admitidas e non admitidas no taboleiro de anuncios dixital do concello e na páxina web municipal. En dita Resolución se indicará a composición da Comisión Seleccionadora e o día, hora e lugar no que se levará a cabo a fase de oposición prevista nas presentes bases.

8.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

A Comisión seleccionadora estará composta por un presidente, un secretario e tres vogais nomeados por Resolución de Alcaldía de conformidade con artigo do Real Decreto Lexislativo

5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

Poderase nomear a persoal técnico aos únicos efectos de asesoramento da Comisión Seleccionadora.

Todos os membros da Comisión Seleccionadora deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

A Comisión seleccionadora estará facultada para a interpretación das presentes bases, así como para resolver as dúbidas que xurdan da súa aplicacióne determinará a actuación procedente nos casos non previstos.

9.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

A) FASE DE CONCURSO: máximo 8 puntos

1. Experiencia laboral: máximo 5 puntos

Experiencia profesional en traballos realizados de peón: 0,20 puntos por mes a xornada completa ou 0,10 puntos por mes cando se trate de media xornada, cun máximo por este concepto de 5 puntos.

Debe aportarse certificado de vida laboral acompañada de copias dos contratos de traballo que inclúan a descripcón do traballo realizado. Se o contrato fose inferior á media xornada non se valorará.

2. Formación: máximo de 3 puntos

Valoraranse cursos de formación en materia de prevención de riscos laborais impartidos por entidades ou empresas homologadas pola Administración ou con outros contidos relativos ao posto de traballo de Peón/Peoa: ata un máximo de 3 puntos.

Aplicarase o seguinte baremo:

1) Por cada curso impartido por unha Institución pública ou con recoñecemento oficial relacionado coas funcións a desempeñar de 100 horas ou máis de duración: 1 punto.

2) Por cada curso impartido por unha Institución pública ou con recoñecemento oficial relacionado coas funcións a desempeñar de 50 horas ou máis de duración: 0,75 puntos.

3) Por cada curso impartido por unha institución pública ou con recoñecemento oficial relacionado coas función a desempeñar de 20 horas ou máis de duración: 0,5 puntos.

O Tribunal valorará no seu conxunto e por unha soa vez, os cursos que sexan de natureza análoga e contido curricular similar. O mesmo curso realizado en máis de unha ocasión só será valorado unha vez.

O Tribunal valorará no seu conxunto e por unha soa vez, os cursos que sexan de natureza análoga e contido curricular similar. O mesmo curso realizado en máis de unha ocasión só será valorado unha vez.

So se valorarán os cursos de formación que foran realizados nos últimos 5 anos.

B) FASE DE OPOSICIÓN: máximo 22 puntos

A fase de oposición consistirá na realización dun único exercicio que constará de catro partes:

1ª parte: **Exame práctico. Proba de carácter obrigatorio e eliminatorio.** Consistirá nun exercicio práctico nun tempo máximo de 30 minutos, no que os/as aspirantes deberán demostrar as súas habilidades profesionais na realización da proba estipulada ao seu efecto polo Tribunal seleccionador, relacionada coas funcións e tarefas propias do posto. Será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo.

2ª parte: **Exame tipo test. Proba de carácter obrigatorio e eliminatorio.** Consistirá no desenvolvemento dun cuestionario tipo test de 20 preguntas nun tempo máximo de 30 minutos, con catro posibles respostas das que unha soa será verdadeira, relacionadas cos temas do anexo. Cada resposta correcta puntuarase con 0,5 puntos,. As respostas en branco non penalizarán. Será calificada cunha puntuación de 0 a 10 puntos e será preciso alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo.

3ª parte: **Entrevista persoal** a cada aspirante coa finalidade de avaliar a adecuación da persoa candidata ao posto de traballo e os seus coñecementos teóricos e prácticos. Será calificada de 0 a 2.

4ª parte: **Proba escrita de coñecemento do galego. Proba de carácter obrigatorio e eliminatorio para os aspirantes que non acrediten coñecementos de galego dun nivel mínimo de Celga 2.**

Consistirá en realizar unha proba escrita de coñecemento do idioma galego. O/as aspirantes deberán traducir un texto, facilitado polo tribunal, sen axuda de dicionario, de castelán a galego, e outro de galego a castelán. Esta proba terá unha duración de 30 minutos e cualificarase de “apto” ou “non apto”, quedando eliminados/as os/as aspirantes que non acaden a cualificación de apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que presenten documentación acreditativa de mínimo de Celga 2 ou equivalente, segundo validacións oficialmente establecidas.

Resolución do procedemento:

Rematado o proceso selectivo, o tribunal disporá a publicación da puntuación final e da orde de cualificación dos aspirantes aprobados, que virá dada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e, se é o caso, dos méritos do concurso.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. Puntuación obtida na fase de oposición 1ª parte (Exame práctico)
2. Puntuación obtida na fase de oposición 2ª parte (Exame teórico)
3. Puntuación obtida no apartado de experiencia laboral da fase de concurso
4. Puntuación obtida no apartado de formación da fase de concurso
5. Puntuación obtida na fase da Entrevista persoal.
6. De persistir o empate, resolverase por sorteo

Seguidamente o Tribunal de selección elevará dita relación, xunto coas actas dos procesos selectivos, á Alcaldía co obxecto de proceder á formación da correspondente bolsa de traballo.

10.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO

Cos aspirantes aprobados formarase unha bolsa de traballo segundo o orde de puntuación obtida para nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais en postos de traballo de contido equivalente de acordo coas seguintes normas:

10.1.-Os chamamentos aos aspirantes.

Os chamamentos realizaranse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregado/a público que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta. O procedemento para os chamamentos telefónicos será como segue:

- Realízase unha chamada
- De non lograr contactar coa persoa, realizarase unha segunda chamada dúas horas despois da primeira.
- No caso de seguir sen poder contactar coa persoa, realizarase unha terceira chamada ao día seguinte hábil que será a una hora distinta ás das dúas anteriores.

De non poder contactar, logo destes intentos, chamarase á seguinte persoa que figure na listaxe.

Antes da sinatura do contrato o Concello poderá acordar que o traballador se someta a un recoñecemento médico-psicolóxico que evalúe a súa adecuación ao posto a desempeñar. No caso de que o traballador resulte non apto non perderá o seu lugar na bolsa de traballo e volverá a ser chamado cando se oferte un posto de distintas características do que foi considerado non apto.

10.2.-Suspensión dos chamamentos.

1. De oficio.

A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata que cese o primeiro nomeamento.

2. Por solicitude do/a interesado/a.

Os integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude para o efecto formulada.

A dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse desde o décimo día natural seguinte contado desde a presentación da solicitude de suspensión no rexistro do órgano competente. O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de dous, seis ou doce meses computados desde a data de efectos da suspensión.

10.3.- Mellora

No caso de que algún integrante da bolsa de traballo estivera contratado ou nomeado como funcionario interino e fora a realizarse un novo chamamento para un posto que obxectivamente poda considerarse como de mais longa duración ou de maior xornada poderá solicitar ser contratado ou nomeado con preferencia aos seguintes na lista. O órgano competente o acordará sempre que non supoña menoscabo para o servizo.

10.4.-Situación na Bolsa de Traballo

1. Os integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o nomeamento para o que son chamados finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

2. Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou nomeamento segundo o disposto na base novena, non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

3. Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou nomeamento, renunciaran a esta por causa xustificada, considerando causas xustificadas o estar traballando no momento do chamamento ou o atoparse en situación de incapacidade laboral temporal, non perderán a orde que lles corresponda na Bolsa de traballo, sempre e cando presenten documentación xustificativa (parte de baixa médica, ou copia da última nómina ou contrato laboral xunto con informe de vida laboral) xunto con solicitude de continuar formando parte da Bolsa, no rexistro xeral do Concello, no prazo de 5 días naturais dende o chamamento.

4. Os integrantes da bolsa de traballo que renunciem á continuidade no desempeño dun posto de traballo perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido dito prazo.

10.5.- Actualización dos méritos e ampliación da Bolsa.

Anualmente, as persoas integrantes da bolsa de traballo poderán actualizar os méritos co fin de poder mellorar o seu posto en dita bolsa. Polo que, do día 01 ao 15 de decembro de cada ano (ambos incluídos) poderán facer chegar a nova documentación a través dos medios establecidos na base OITAVA(PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS). Concluído dito prazo, a mesma Comisión seleccionadora, valorará os novos méritos alegados e se procederá á publicación dunha nova composición da bolsa co novo orde de puntuación.

Asemade, e no mesmo prazo, anualmente se procederá á ampliación da Bolsa abrindo novo prazo de solicitude de participación e proceso selectivo para todas aquelas novas persoas que desexen entrar en dita bolsa.

Os/as candidatos/as que superen o proceso selectivo integraranse na bolsa de emprego aprobada por Resolución da Alcaldía a partires do/da último/a aspirante que figura na mesma.

10.6.- Nomeamentos e Cesamentos.

Poderán conferirse nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais para o desempeño de postos de traballo que se encontren vacantes ou non vacantes. Neste último caso será causa suficiente a situación de ILT ou vacacións do seu titular.

Previo ao nomeamento deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Intervención Municipal.

Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo o orde da Bolsa de Traballo, o Sr. Alcalde por Resolución procederá ao seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo correspondente.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

10.7.- Extinción da Bolsa de Traballo.

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan as presentes bases extinguirase unha vez transcorridos catro anos a contar dende a data de publicación no

taboleiro de edictos do concello da Resolución da alcaldía que a aprobe, poidendo ser obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.

11.- PUBLICIDADE

No BOP publicarase anuncio comprensivo do acordo de aprobación da convocatoria, do prazo de presentación de solicitudes e das bases do proceso selectivo.

No taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello e Sede Electrónica publicaranse as bases íntegras do proceso selectivo e os resultados do proceso de selección.

12.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

En todo o non previsto expresamente nas presentes bases, serán de aplicación as Bases xerais para a contratación de persoal laboral temporal do Concello de Cedeira, aprobadas na sesión plenaria do día 17 de abril de 1997, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 110, do 15 de maio de 1997, o Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP) e da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e demais normas de aplicación.

Cedeira, 08 de xullo de 2024

O Alcalde

D. Pablo Diego Moreda Gil

ANEXO I- TEMARIO

Tema 1. A Constitución Española de 1978: estrutura e contido.

Tema 2. A Administración Local: o municipio de Cedeira.

Tema 3. Prevención de riscos laborais. Procedementos e medios de seguridade e saúde no traballo. Equipos de protección individual.

Tema 4.- Equipos de traballo: Funcións do persoal.

Tema 5.- Pintura sobre cemento, madeira e metal.

Tema 3.- Técnicas, utensilios, ferramentas e maquinaria.

Tema 4.- Traballos de albañilería.

Tema 5.- Protección medioambiental. Nocións básicas sobre contaminación ambiental. Principais riscos ambientais relacionados coa función de peon mediambiental.

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

D/Dona: _____
DNI: _____ enderezo _____ C.
P. _____ Localidade: _____ Teléfono: _____

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a contratación laboral temporal ou nomeamentos interinos como **peón**.

Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases da convocatoria sinalada.

Apórtase a tal efecto a seguinte **documentación**:

- Copia do D.N.I.
- Xustificante de pago da taxa de 5 €, según o disposto na Ordenanza municipal 2.6, reguladora da taxa pola participación en procesos selectivos, no artigo 5.1.
- Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados

SOLICITA:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo referido

Realizar o exercicio da fase de oposición no idioma:

- Galego
- Castelán

DECLARA baixo xuramento:

Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.

Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.

AUTOLIQUIDACIÓN		
	Concello de Cedeira	CIF P-1502200-G
Taxa de Probas Selectivas (Ordenanza nº2.6)	Código: 329.01	
3. Exercicio/Período: 2024		
CALCULO DA COTA A INGRESAR (Euros)		
Denominación do proceso: contratación laboral temporal ou nomeamentos interinos como peón.		Importe Euros
<input type="checkbox"/> Probas de acceso ao Grupo E ou categorías de persoal laboral asimilables ou outros non tarefados expresamente(50% procesos de promoción interna ou convocatorias exclusivamente para bolsas de traballo)		5,00 €
Lugar de ingreso: BBVA ES70 0182 0622 4100 0000 0055 CAIXABANK ES37 2100 4936 5822 0000 4470 ABANCA ES15 2080 5196 2931 1000 0027 BANCO SANTANDER ES71 0030 6082 5908 6502 4273 O abono acredítase mediante selo e sinatura ou validación mecánica	TOTAL A INGRESAR:	5,00 €

Cedeira, _____ de _____ de 2024

Asinado: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CEDEIRA

En Cedeira, a 11 de xullo de 2024

O Alcalde.-

Pablo Diego Moreda Gil